

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O 13 DE NOVEMBRO DE 2015,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Proxecto de Lei do patrimonio cultural de Galicia.

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Decreto polo que se modifica o Decreto 101/2014, do 1 de agosto, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Facenda.

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun tramo da estrada provincial DP-1905 entre o p.q. 0,000 e o p.q. 0,540 a prol do Concello de Carballo.

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social.

## **CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Medio Rural.

## **CONSELLERÍA DO MAR**

- Decreto polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería do Mar.

## **ACORDOS**

### **CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se modifican os límites establecidos para compromisos plurianuais en relación coa tramitación, por parte da Axencia Galega de Infraestruturas, como anticipado de gasto, do convenio entre a Xunta de Galicia e Autoestradas de Galicia, S.A., polo que se regula a bonificación da peaxe das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e Puxeiros-Val Miñor (AG-57).

### **CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se aproba a Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico de Galicia 2015-2020.

### **CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e a Universidade da Coruña para a ampliación do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñería Civil (CITEEC), por un importe total de novecentos mil euros (900.000,00 €).

## **CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL**

- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de prórroga para o ano 2016, do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación de Pontevedra, para a atención de menores no centro residencial Príncipe Felipe, cun importe total de setecentos sesenta e cinco mil trescentos dous euros con vinte e sete céntimos (765.302,27 €).
- Acordo polo que se autoriza a sinatura dun acordo de prórroga para o ano 2016 do convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Deputación da Coruña, para a atención residencial de menores no centro Emilio Romay, cun importe total de cento cincuenta e tres mil seiscentos catorce euros con noventa e nove céntimos (153.614,99 €).

## **INFORMES**

### **VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre as axudas económicas para mulleres vítimas da violencia de xénero 2006-2014 e o acceso do Punto de Coordinación das Ordes de Protección de Galicia ao Sistema VioGén.

### **CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre a concesión de axudas para proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas promovidos por concellos, mancomunidades e agrupacións de concellos e entidades sen ánimo de lucro, e proxectos de acción de saúde pública no campo do VIH/sida en Galicia, realizados por entidades privadas sen ánimo de lucro.

## A XUNTA DÁ LUZ VERDE AO PROXECTO DE LEI DO PATRIMONIO CULTURAL DE GALICIA, QUE CONTINÚA AGORA A SÚA TRAMITACIÓN PARLAMENTARIA

- *Trátase de harmonizar a máxima protección e control dos bens coa axilización na xestión administrativa e garantías para os propietarios e titulares dos bens*
- *Nos trámites previos de audiencia e exposición pública aceptouse un 51% das 321 alegacións recibidas*
- *Grazas a estas achegas, a norma enriqueceuse significativamente nos ámbitos do patrimonio arqueolóxico e etnolóxico, así como no do patrimonio cultural inmaterial*
- *A lei procura unha simplificación normativa e é pioneira na regulación de novos patrimonios e na implicación dos concellos na xestión e salvagarda dos bens, e ofrece máis protección para o máis sobranceiro*

Logo de superar o trámite de audiencia e información pública e terse sometido aos informes sectoriais preceptivos, o Consello da Xunta vén aprobado hoxe o proxecto da lei de Patrimonio cultural de Galicia. O texto legal, no cal se concibe o patrimonio cultural como alicerce para o desenvolvemento sustentable e piar da nosa identidade, será agora elevado á Cámara autonómica para o seu debate e tramitación parlamentaria.

A nova norma suporá unha simplificación no eido do patrimonio, ao permitir recoller os avances dispostos nas políticas de xestión durante os últimos vinte anos e integrar a protección do patrimonio nas demais políticas sectoriais. Consecuentemente, a lei procurará unha máis doada e eficiente xestión administrativa, mediante a habilitación dos concellos nas tarefas de control preventivo en diversos ámbitos, e unha maior seguridade xurídica para a cidadanía en relación co noso patrimonio cultural. Trátase de manter os niveis de protección, modificando e axilizando o sistema de xestión.

### **Relevancia das achegas**

No trámite de audiencia e exposición pública, un total de 60 institucións ou persoas achegaron 321 alegacións, das cales o 51% foron aceptadas total ou parcialmente, e completaron e enriqueceron notablemente nesta fase o anteproxecto da lei. Así mesmo, recibíronse un total de 118 alegacións ou suxestións nos diversos informes sectoriais solicitados, das cales foron aceptadas total ou parcialmente o 56%. Finalmente, o anteproxecto someteuse ao ditame do Consello da Cultura Galega recibiu e 45 suxestións, das cales o 51% foron aceptadas.

No proceso das alegacións, técnicos especializados fixeron achegas que permitiron definir dun xeito máis ordenado e preciso, entre outras cuestións, o patrimonio arqueolóxico e etnolóxico. Nesta fase houbo ademais outras achegas significativas

como a consideración explícita da toponimia como ben do patrimonio cultural inmaterial ou da lingua como vehículo do patrimonio inmaterial.

No proceso de audiencia, previo á redacción do proxecto, os responsables da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, encabezados por Román Rodríguez, mantiveron xuntanzas con representantes da Fegamp, do Consello da Cultura Galega, da Real Academia Galega de Belas Artes 'Nosa Señora do Rosario', Universidades do SUG, Colexio Oficial de Arquitectos, Fiscalía e entidades sociais á fin de presentarlles e abordar o borrador do anteproxecto de Lei do patrimonio cultural de Galicia.

### **Da habilitación legal á zona de amortecemento**

Unha das principais novidades da futura lei vén determinada a través da habilitación legal para que os concellos poidan autorizar intervencións en determinados bens catalogados do patrimonio arquitectónico e etnolóxico. Este aspecto permitirá unha maior implicación e colaboración das entidades locais coa protección e salvagarda do patrimonio cultural propio e a axilización na tramitación de autorizacións.

Está previsto que a habilitación sexa, en todo caso, voluntaria para os concellos e baixo determinados supostos que garantan a capacidade de asumir esta función. Quedan exceptuadas as actuacións en determinadas categorías e tipos de bens, que serán só autorizables pola Consellería de Cultura, como son os bens de interese cultural, o patrimonio artístico e arqueolóxico e os bens titularidade da Igrexa católica.

Outra novidade destacada deste proxecto legal é a posibilidade de establecer unha zona de amortecemento dos bens, que se poderá establecer cando se considere oportuno. A zona de amortecemento ten como finalidade reforzar a protección dos elementos do patrimonio cultural, a súa visibilidade e a súa visibilización.

### **Seguridade xurídica e transparencia**

A presente norma reduce a dúas as categorías de bens do patrimonio cultural de Galicia: bens de interese cultural e bens catalogados. Os primeiros incluírán diversos BIC *ope legis* –é dicir, por imperativo legal– e BIC por declaración singular. De xeito análogo, a categoría de bens catalogados abranguerá a todos os bens que figuren no Inventario xeral do patrimonio cultural de Galicia, aqueles que estean contidos individualmente nos catálogos urbanísticos e os catalogados *ope legis*.

A maiores, o anteproxecto de lei crea o Censo do patrimonio cultural de Galicia. Un instrumento de divulgación e investigación que será periodicamente actualizado pola consellería, coa finalidade de converterse nunha ferramenta práctica para a protección do patrimonio. No Censo do patrimonio cultural recolleranse os bens en que se aprecie

que concorre un valor cultural, pero que aínda non foron catalogados ou declarados BIC.

### **Novos patrimonios**

A norma legal dotará dunha regulación específica novas tipoloxías patrimoniais. De feito, mellorarase de xeito específico a protección nos eidos do patrimonio inmaterial, o subacuático, o industrial e o científico.

En concreto, no caso do patrimonio inmaterial, incorporaranse definicións e criterios do Convenio para a salvagarda do patrimonio cultural inmaterial da Organización das Nacións Unidas para a Educación, a Ciencia e a Cultura, recoñecendo o papel activo das comunidades na súa protección e sostemento. No subacuático inclúese a catalogación *ex lege* dos pecios anteriores a 1901 somerxidos no mar territorial de Galicia e defínense uns principios claros de actuación consontes coa Convención da UNESCO que rexe na materia.

Ademais, no caso do patrimonio industrial, adóptase a presunción de valor segundo criterio de datación, o que garante unha maior seguridade xurídica, e asúmese a metodoloxía de actuación dun importante instrumento de xestión como é o Plan nacional de patrimonio industrial. E, finalmente, no caso do patrimonio científico, propónse que a avaliación se realice de xeito singular e en función da natureza dos bens.

**O CONSELLO APROBA AS ESTRUTURAS ORGÁNICAS DAS CONSELLERÍAS DE FACENDA, DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO, A DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA, A DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA, A DE POLÍTICA SOCIAL, A DO MEDIO RURAL, E A DO MAR**

- *Trátase de axustar os seus respectivos organigramas ao novo reparto de competencias adoptado tras a renovación do Goberno galego*

O Consello da Xunta deu hoxe o seu visto e praxe aos decretos polos que se aproban as respectivas estruturas orgánicas das seguintes consellerías da Xunta: a Consellería de Facenda, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Consellería de Política Social, a Consellería do Medio Rural e a Consellería do Mar.

Con carácter xeral, trátase, de adaptar os respectivos organigramas destes departamentos ao novo reparto de competencias adoptado tras a recente renovación do Goberno galego.

Así, en primeiro termo, é a Consellería de Facenda a que, coa modificación do Decreto 101/2014, cambia a súa estrutura orgánica para adaptar a distribución dos órganos de control interno á nova estrutura orgánica da Xunta de Galicia.

**Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio**

No que atinxe á nova estrutura orgánica da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, persegue facer máis áxil e eficaz a xestión administrativa, tendo en conta os principios de racionalidade e eficacia que deben predominar na Administración autonómica.

Desde un punto de vista funcional, destaca a organización efectuada na Secretaría Xeral Técnica, que na súa creación reforza os seus órganos dependentes para dar unha resposta máis áxil ás necesidades da Consellería.

Dita estrutura leva aparellada unha reordenación funcional da Dirección Xeral de Conservación da Natureza e da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, que determina unha redución da súa estrutura en aras de conseguir unha maior eficiencia na xestión administrativa. Así mesmo créase unha xerencia na Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia como órgano de coordinación técnica e de apoio á Dirección Xeral de Augas, como resultado dun proceso de reformulación da área de xestión e coordinación.



### **Consellería de Infraestruturas e Vivenda**

No caso da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a súa estrutura orgánica vén definida polo obxectivo de contribuír ao impulso social, económico de Galicia. Así mesmo, a composición deste departamento da Xunta ten por obxectivo axilizar a xestión administrativa, para maior racionalidade no desenvolvemento de xestión das súas funcións.

Desde o punto de vista funcional, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda componse dunha Secretaría Xeral Técnica e a Dirección Xeral de Mobilidade, tendo como órganos dependentes a Axencia Galega de Infraestruturas, o Xurado de Expropiación de Galicia e o Instituto Galego da Vivenda e Solo.

Cabe destacar a nova organización que se efectúa na Secretaría Xeral Técnica, onde se reducen e simplifican os órganos desta, como consecuencia dos ámbitos sectoriais atribuídos á Consellería, así como a nova reordenación funcional que se realiza na Dirección Xeral de Mobilidade para acadar unha maior axilidade na xestión.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda queda configurada do seguinte xeito:

- ✓ Secretaría Xeral Técnica, composta pola Vicesecretaría Xeral, a Subdirección Xeral de Persoal, Xestión Económica e Control de Orzamento e a Subdirección Xeral de Réxime Xurídico Administrativo.
- ✓ Dirección Xeral de Mobilidade: formada pola Subdirección Xeral de Ordenación do Transporte; Subdirección Xeral de Inspección do Transporte; e Subdirección Xeral de Planificación Técnica.
- ✓ Axencia Galega de Infraestruturas: composta por: Área de Planificación e Programación; Área de Seguridade Viaria e Obras e Área de Contratación e Administración.
- ✓ Instituto Galego de Vivenda e Solo: composto pola Dirección Xeral; a Secretaría Xeral; e as direccións técnicas de Xestión do Patrimonio, Fianzas e Inspección; de Solo, Edificación e Calidade; de Xestión Económica e Orzamentos e a Dirección Técnica de Fomento.
- ✓ Por último, tamén pertence a esta Consellería o Xurado de Expropiación de Galicia.



### **Consellería de Economía, Emprego e Industria**

No caso da Consellería de Economía, Emprego e Industria, as dúas antigas direccións xerais intégranse nunha única área coordinada pola Secretaría Xeral de Emprego que levará directamente todas as iniciativas dirixidas a incentivar a contratación, aglutinando as medidas destinadas a empresas, autónomos, entidades locais, entidades sen ánimo de lucro e empresas de economía social. Do mesmo xeito, asumirá todas as competencias de relacións laborais e seguridade e saúde no traballo, a relación cos interlocutores sociais e o impulso do diálogo social.

En coordinación coa Secretaría Xeral de Emprego, a Dirección Xeral de Orientación e Promoción Laboral será a encargada das iniciativas de empregabilidade dirixidas a persoas traballadoras e desocupadas. Asumirá o Servizo Público de Emprego de Galicia e as medidas dirixidas á mellora da empregabilidade tanto en formación como en orientación, e será tamén a encargada das acreditacións e cualificacións profesionais.

### **Consellería de Política Social**

A modificación máis relevante da estrutura da nova Consellería de Política Social é a creación da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización demográfica. En segundo lugar créase a Dirección Xeral de Inclusión social que asume a responsabilidade de conseguir un maior impulso no deseño, coordinación, avaliación e xestión das políticas da Xunta de Galicia en materia de inclusión social, inmigración e servizos Sociais comunitarios que tiña atribuídas a extinta Dirección Xeral de Familia e Inclusión.

En terceiro lugar créase a Dirección Xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, que asume as competencias da extinta Secretaría Xeral de Política Social. En cuarto lugar mantense o órgano de dirección competente en materia de xuventude e voluntariado, que agora pasa a chamarse Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado.

E, finalmente e polo que se refire aos órganos comúns, mantense a estrutura da Secretaría Xeral Técnica coa creación dun órgano de dirección baixo a súa dependencia, a Subdirección Xeral de Proxectos e Accesibilidade.

### **Consellería do Medio Rural**

Atendendo ás modificacións practicadas na estrutura orgánica da Xunta de Galicia, a Consellería do Medio Rural pasa estar constituída por unha Secretaría Xeral Técnica e tres direccións xerais coa seguinte denominación: Dirección Xeral de Ordenación e Produción Forestal, Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural. Xunta a estes catro departamentos, únense tamén o Fondo Galego de Garantía Agraria (FOGGA), a

Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) e o Instituto Galego da Calidade Alimentaria (Ingacal).

A novidade máis destacada desta reestruturación é a creación dunha Subdirección Xeral de Planificación e Coordinación de Fondos, pertencente á Secretaría Xeral Técnica. Esta asume as tarefas relacionadas coa xestión, coordinación, seguimento e implementación do Programa de Desenvolvemento Rural (PDR) co fin de garantir a correcta xestión e aplicación do programa. Un programa que para este novo período 2014-2020 destina para Galicia 889,8 millóns de euros do Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco da política agraria comunitaria, que xunto coas achegas da Xunta e Ministerio de Agricultura, Alimentación e Medio Ambiente supón un desembolso público de 1.186,4 millóns de euros no rural galego a través deste programa.

### **Consellería do Mar**

A estrutura orgánica da Consellería do Mar mantén unha liña de continuidade nas súas competencias, cunha estrutura semellante á que había. Os seus órganos superiores e de dirección son: a conselleira, a Secretaría Xeral Técnica, a Dirección Xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica e a Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro. Con dependencia directa da conselleira, atópase a Subdirección Xeral de Gardacostas de Galicia e da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro depende o Centro de Investigacións Mariñas (Cima) e os centros públicos de ensinanzas náuticas e marítimo-pesqueiras (Instituto Galego de Formación en Acuicultura –Igafa-, Instituto Politécnico Marítimo-Pesqueiro do Atlántico de Vigo, Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ribeira, Escola Oficial Náutico-Pesqueira de Ferrol).

Ademais, a Consellería conta coas xefaturas territoriais da Coruña, Celeiro e Vigo e quedan adscritos a ela os entes públicos Portos de Galicia e o Instituto Tecnolóxico para o Control do Medio Mariño de Galicia e como órganos colexiados o Consello Galego de Pesca, o Comité Científico Galego da Pesca, a Comisión Galega de Mergullo Profesional, a Comisión do Mexillón e o Comité Técnico da Acuicultura.

## **A XUNTA AUTORIZA O TRASPASO AO CONCELLO DE CARBALLO DUN TRAMO DA ESTRADA PROVINCIAL DP-1905 ENTRE A LOCALIDADE CORUÑESA E O CAMPO DA FEIRA DE VERDILLO**

- ***Co cambio de titularidade, o Concello de Carballo poderá actuar sobre estes treitos, que pasan a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas***
- ***A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no Diario Oficial de Galicia (DOG) mediante a sinatura da correspondente acta de entrega***

O Consello da Xunta aprobou hoxe o cambio de titularidade dun resto da estrada provincial DP-1905, da localidade coruñesa ata o Campo da Feira de Verdillo, concretamente, o tramo que vai desde o punto quilométrico 0+000 (praza de Galicia) e 0+540 (á altura da glorieta do campo da feira). Este treito está situado no núcleo urbano de Carballo, e a Administración local ten previsto reurbanizar a parte do mesmo coñecida como rúa Martín Herrera.

Con este procedemento, o municipio poderá actuar sobre esta vía, que pasa a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas, e xa non serán de aplicación as restricións da normativa autonómica de estradas, como por exemplo as limitacións de usos ou actividades nas súas marxes ou os accesos, e reducirá as cargas administrativas sobre os cidadáns dos núcleos polos cales discorre.

Cómpre lembrar que a teor do previsto no artigo 9.4 da Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, os cambios de titularidade das estradas ou treitos delas, cando non se trate de travesías urbanas ou treitos delas incluídos no inventario de travesías da Administración titular, deberán ser aprobados por decreto da Xunta de Galicia. A proposta é efectuada polo departamento competente en materia de estradas, neste caso, a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, logo do acordo entre as administracións afectadas.

A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.

## A XUNTA DESBLOQUEA UN CRÉDITO DE 2,36 MILLÓNS DE EUROS PARA GARANTIR A CONTINUIDADE DAS SUBVENCIÓNS DAS PEAXES DAS AUTOESTRADAS A CORUÑA-CARBALLO E DO VAL MIÑOR

- *O acordo adoptado hoxe polo Goberno galego fará posible a renovación do convenio coa sociedade concesionaria para manter as rebaixas vixentes ata o ano 2019*
- *As subvencións introducidas pola Administración autonómica en 2010 permiten rebaxar un 25% o importe da viaxe de volta dun traxecto de ida e volta e o 50% na segunda e posteriores viaxes de volta*
- *A AG-55 e a AG-57 están entre as autoestradas de peaxe máis baratas de España para os usuarios, e as tarifas mantivéronse conxeladas neste 2015 por segundo ano consecutivo*

O Consello da Xunta desbloqueou hoxe un crédito de 2,36 millóns de euros para garantir a continuidade das subvencións das peaxes das autoestradas A Coruña-Carballo (AG-55) e do Val Miñor (AG-57).

O acordo aprobado hoxe polo Goberno galego permitiralle á Consellería de Infraestruturas e Vivenda renovar o convenio coa sociedade concesionaria destas dúas autoestradas para manter as rebaixas en vigor ata o ano 2019.

O obxecto deste convenio, que se elevará ao Consello da Xunta nas vindeiras semanas, é fixar as bases para a colaboración entre Xunta e a sociedade concesionaria na aplicación de bonificacións das peaxes vixentes nestas autoestradas, así como o pagamento por parte Goberno galego dos importes que deriven desta medida.

Grazas á aprobación do crédito, a Xunta de Galicia destinará os seguintes importes para facer efectivas as correspondentes bonificacións entre o ano 2016 e o 2019:

ANUALIDADE	IMPORTE
2016	520.000
2017	570.000
2018	610.000
2019	660.000

A medida aprobada hoxe polo Consello permitirá dar continuidade ás subvencións introducidas pola Administración autonómica en 2010, que permiten rebaxar un 25% o importe da viaxe de volta dun traxecto de ida e volta; e o 50% na segunda e posteriores viaxes de volta en ambas as dúas autoestradas cando o usuario empregue

o dispositivo de telepeaxe. O importe desas bonificacións descóntaselle ao usuario e asúmeo a Xunta.

A AG-55 e a AG-57 seguirán estando entre as autoestradas de peaxe máis baratas de España para os usuarios, con contías significativamente menores que as medias. Por segundo ano consecutivo, a Xunta mantivo neste ano 2015 as peaxes de ambas as autovías conxeladas.

Os itinerarios existentes actualmente na AG-55 son: A Coruña-Arteixo, Arteixo-Paiosaco, Arteixo-A Laracha, Arteixo-Carballo, Paiosaco-A Laracha, Paiosaco-Carballo, A Laracha-Carballo; e na AG-57: Puxeiros-Vincios, Puxeiros-Gondomar, Puxeiros-Nigrán, Puxeiros-A Ramallosa, Puxeiros-Baiona, Vincios-Gondomar, Vincios-Nigrán, Vincios-A Ramallosa, Vincios-Baiona, Nigrán-A Ramallosa, Nigrán-Baiona e A Ramallosa-Baiona.

## A XUNTA AFORRARÁ PRETO DE 130 MILLÓNS COA NOVA ESTRATEXIA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NO SECTOR PÚBLICO 2015-2020

- *O documento busca planificar, xestionar e avaliar de xeito integral o conxunto de actuacións comprendidas neste período, que suman un investimento de 36 millóns*
- *As medidas permitirán acadar un aforro enerxético acumulado de máis de 430 GWh, o 47% do consumo actual nun ano do sector público autonómico, ao tempo que evitarán a emisión á atmosfera de máis de 140 toneladas de CO<sub>2</sub>*
- *Impulsaranse 250 actuacións de eficiencia enerxética en centros sociais, educativos, sanitarios e administrativos, co obxectivo de optimizar os custos enerxéticos e mellorar a eficiencia enerxética das instalacións*
- *O plan dá continuidade ás actuacións desenvolvidas no período 2009-2014, que permitiron un aforro na Administración pública próximo aos 20 millóns*

O Goberno galego ten no aforro e na eficiencia un dos piares básicos de actuación da súa política enerxética. Neste sentido, o Consello da Xunta coñeceu hoxe a nova Estratexia de aforro e eficiencia enerxética no sector público autonómico 2015-2020, un documento de traballo que permitirá á Administración aforrar preto de 130 millóns de euros durante os próximos anos.

Para acadar este obxectivo, a Estratexia planifica, xestiona e avalía de xeito integral o conxunto de actuacións comprendidas neste período, que suman un investimento total de 36 millóns de euros de cara a potenciar o papel exemplarizante da Administración neste eido. Para isto, desenvolveranse iniciativas de aforro e eficiencia e de fomento das fontes renovables en centros administrativos, sanitarios, sociais e educativos na procura de optimizar os custos enerxéticos e de mellorar a eficiencia das súas instalacións.

O conxunto de medidas que se van desenvolver aspira a acadar un aforro enerxético acumulado no período de máis de 430 GWh, o 47% do consumo actual nun ano do sector público autonómico, ao tempo que evitarán a emisión á atmosfera de máis de 140 toneladas de CO<sub>2</sub>. Desta forma, o Goberno galego busca racionalizar o gasto enerxético e optimizar os recursos públicos sen diminuír a calidade dos servizos prestados, permitindo destinar os aforros obtidos a outras actividades.

Para o desenvolvemento da Estratexia, a Consellería de Economía, Emprego e Industria ten delimitado 7 eixes de actuación: contratación centralizada, investimentos, regulación normativa, xestión, apoio e asesoramento, estudos, seguimento e avaliación de resultados.

No tocante á contratación centralizada, a Xunta activou o ano pasado a Rede de Enerxía da Administración - Redexga, que suma hoxe en día 1.636 puntos de



subministración eléctrica e outros 113 de gas natural, que están a xerar xa aforros conxuntos por valor de case 9 millóns de euros. Sobre esta base, búscase seguir a potenciar a rede coa contratación centralizada das distintas fontes de enerxía, como a biomasa ou o gasóleo, na procura de incorporar todos os puntos de subministracións da Administración pública autonómica.

### **Preto de 250 actuacións**

Pola súa banda, os investimentos previstos permitirán impulsar preto de 250 actuacións en edificios administrativos, sanitarios, sociais, educativos e culturais. Deste xeito, darase continuidade ás iniciativas desenvolvidas entre o 2009 e o 2014, e que teñen permitido acadar un aforro económico conxunto na Administración autonómica de case 20 millóns de euros.

Durante este tempo, o Goberno galego, a través do Inega, impulsou medidas de aforro e eficiencia enerxética encamiñadas a acadar un uso racional de enerxía nos edificios públicos, ao tempo que ten apostado polo fomento das fontes renovables, destacando a activación da Estratexia integral de impulso da biomasa que está a incentivar o consumo práctico deste combustible con fins térmicos.

O terceiro eixe da Estratexia atende á regulación coa finalidade de promover un desenvolvemento normativo que permita mellorar o nivel de aforro e eficiencia do sistema enerxético galego. Para isto, traballárase na detección das necesidades de actualización e mellora do marco normativo e do regulamentario vixente, revisando e actualizando as normas necesarias.

Así mesmo, a Estratexia prevé, dun lado, a optimización da xestión enerxética da Administración na procura de impulsar melloras nos sistemas, procesos e procedementos internos; e doutro, aposta polo apoio e o asesoramento co obxectivo tanto de sensibilizar os traballadores e usuarios das instalacións públicas como de formalos na importancia da enerxía e do seu uso racional.

Neste marco, cómpre lembrar que o Inega está xa a actuar como asesor enerxético da Administración a través da elaboración de pregos técnicos en materia de eficiencia enerxética, e do deseño e execución de proxectos singulares. Ademais, estase a promover a figura do xestor enerxético para asesorar os técnicos das distintas consellerías en labores como o control do gasto enerxético, o axuste das potencias contratadas ou os programas de eficiencia.

En sexto lugar, o plan prevé a realización de estudos de carácter enerxético tendentes a maximizar o grao de eficiencia enerxética do sector público. Os ditos estudos permitirán obter unha visión xeral dos edificios públicos en canto ao uso de enerxía,



establecendo o seu grao de eficiencia enerxética, achegando recomendacións e proponendo actuacións para a mellora dos seus consumos.

O último eixe comprende o seguimento e avaliación dos resultados. Neste sentido, de cara a analizar a execución das medidas desenvolvidas coa Estratexia, está prevista unha avaliación inicial a finais de 2016, outra intermedia no 2018, así como unha final no ano 2020.

## CULTURA E EDUCACIÓN DESTINA 900.000 EUROS Á AMPLIACIÓN DO CENTRO DE INNOVACIÓN TECNOLÓXICA EN EDIFICACIÓN E ENXEÑARÍA CIVIL DA UDC CO FIN DE FORTALECER A INVESTIGACIÓN DE REFERENCIA

- *O Consello da Xunta deu o visto e praxe a un convenio de colaboración coa Universidade da Coruña para dar un novo impulso ao remate do parque tecnolóxico de Elviña, que reúne as actividades de I+D+i no eido universitario e favorece o contacto coa empresa*
- *O CITEEC, que iniciou a súa actividade no ano 2000, é un instituto dedicado á investigación básica e aplicada, así como á prestación de servizos*

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria destinará 900.000 euros para axudar á Universidade da Coruña (UDC) a financiar as obras de ampliación do Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil (CITEEC) que se acometan este ano.

O Consello da Xunta deu o visto e praxe á sinatura dun convenio de colaboración coa UDC que permitirá fortalecer a investigación de referencia e imbricada co contorno que está a desenvolver o CITEEC. Ademais, este acordo supón dar un último impulso ao remate do parque tecnolóxico de Elviña, epicentro da I+D+i da universidade coruñesa e lugar de encontro co tecido empresarial.

Esta ampliación do dito edificio responde á evolución da actividade investigadora e á necesidade de adaptar as instalacións aos requirimentos dos grupos de investigación. A maiores, a reforma permitirá mellorar os sistemas de carga, control, seguridade e adquisición de datos para o Laboratorio de Construción do CITEEC.

### **Investigación agrupada en proxectos singulares**

Esta colaboración enmárcase nas liñas de actuación do Plan galego de investigación, innovación e crecemento, que aposta por establecer iniciativas de alto impacto en sectores especialmente estratéxicos para Galicia e nos cales a Comunidade destaque pola súa potencialidade. Tamén entronca coa Estratexia de especialización intelixente de Galicia 2014-2020 (RIS3-Galicia), onde se establece como prioridade a mellora da competitividade para construír o modelo industrial da Galicia do futuro.

Ademais, cómpre lembrar que a propia actividade investigadora dos próximos anos estará vinculada de maneira crecente á agrupación de recursos e capacidades ao redor de proxectos singulares de gran dimensión, nos cales se persegue o logro de obxectivos de investigación baseados na explotación das fortalezas dos sistemas rexionais e nacionais de innovación de maneira coordinada.

### **Sinerxías entre empresa e universidade**

Deste xeito, o apoio aos centros singulares de investigación e innovación, como é o caso do CITEEC, constitúe unha acción estratéxica compartida tanto pola universidade como pola Consellería de Cultura e Educación de cara a crear diversos polos de investigación de excelencia arredor da actividade económica e empresarial de cada zona, establecendo así sinerxías entre o eido universitario e a empresa.

Neste contexto enmárcase a actividade que está desenvolvendo o CITEEC, un instituto universitario de investigación que iniciou a súa actividade no Campus da Coruña no ano 2000. Estructurado en cinco áreas de actividade -construción, hidráulica, portos e costas, enxeñaría sanitaria e estudo aeroelástico de pontes-, trátase dun centro especializado nas principais áreas experimentais da construción e a enxeñaría civil, dedicado á investigación básica e á aplicada, así como á prestación de servizos. O CITEEC conta con infraestruturas hábiles para abordar ensaios de grande envergadura, ao nivel dos centros máis avanzados da Unión Europea.

As liñas de investigación desenvólveas o Grupo de Enxeñaría da Auga e o Medio Ambiente; o Grupo de Estradas, Xeotecnia e Materiais; o Grupo de Ferrocarrís e Transportes; o Grupo de Mecánica de Estruturas e polo Grupo de Métodos Numéricos en Enxeñaría.

## **A XUNTA PRORROGA UN ANO MÁIS O CONVENIO COA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO RESIDENCIAL CIDADE INFANTIL PRÍNCIPE FELIPE**

- *Ao abeiro do acordo, a Xunta investirá 765.302,27 euros máis o incremento que supoña a aplicación do IPC galego sen superar o 85% de variación do índice*
- *Ademais dos equipamentos propios cosnque conta a Xunta para dar atención aos menores tutelados ou en garda, a Consellería de Política Social promove a colaboración con outras entidades co obxectivo de cubrir a demanda existente*

O Consello da Xunta autorizou o convenio entre a Consellería de Política Social e a Deputación de Pontevedra durante o ano 2016 para prorrogar a colaboración dirixida á atención de menores no Centro Residencial Cidade Infantil Príncipe Felipe, sito na cidade pontevedresa. Deste xeito, a Xunta de Galicia consignará unha partida de 765.302,27 euros a este fin máis o incremento que supoña a aplicación do IPC galego sen superar o 85% de variación do índice.

O obxecto da colaboración entre o Goberno autonómico e a Deputación de Pontevedra é atender os menores, tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia, neste centro de que é titular o ente provincial durante o vindeiro ano 2016.

O centro conta cun máximo de 100 prazas concertadas, das cales 75 son en réxime de acollemento residencial e 25 son en réxime de día. Dentro da súa configuración destacan tres módulos ou unidades de convivencia, que son: o Centro Infantil (30 prazas residenciais e 50 de día), o Centro Infanto-Xuvenil 'Escola Fogar' (40 prazas residenciais e 35 de día), o Centro Infanto-Xuvenil 'Agarimo' (40 prazas residenciais e 35 de día), así como unha unidade de primeira acollida e valoración para o ingreso de menores con carácter de urxencia (11 prazas).

Ademais dos equipamentos propios con que conta a Xunta de Galicia para dar atención aos menores tutelados ou en garda mediante o acollemento residencial, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, promove a colaboración con outras entidades -públicas ou privadas- que teñen relación directa coa atención de menores co obxectivo de cubrir a demanda existente na súa totalidade.

## **A XUNTA ESTENDE ATA 2016 O CONVENIO COA DEPUTACIÓN DA CORUÑA PARA ATENCIÓN DE MENORES NO CENTRO RESIDENCIAL FOGAR INFANTIL EMILIO ROMAY**

- ***Ao abeiro do acordo, a Xunta investirá 153.614,99 euros máis o incremento que supoña a aplicación do IPC galego sen superar o 85% de variación do índice***
- ***Ademais dos equipamentos propios con que conta a Xunta para dar atención aos menores tutelados ou en garda, a Consellería de Política Social promove a colaboración con outras entidades co obxectivo de cubrir a demanda existente***

O Consello da Xunta autorizou o convenio entre a Consellería de Política Social e a Deputación da Coruña durante o ano 2016 para prorrogar a colaboración dirixida á atención de menores no Centro Residencial Fogar Infantil Emilio Romay, sito na cidade herculina. Deste xeito, a Xunta de Galicia consignará unha partida de 153.614,99 euros a este fin máis o incremento que supoña a aplicación do IPC galego sen superar o 85% de variación do índice.

O obxecto da colaboración entre o Goberno autonómico e a Deputación da Coruña é atender os menores, tutelados ou en garda pola Xunta de Galicia neste centro de que é titular o ente provincial durante o vindeiro ano 2016.

O centro conta cun máximo de 25 prazas concertadas distribuídas nun fogar de acollemento residencial para nenos e nenas de 0 a 15 meses e mais dous fogares de acollemento residencial para nenos e nenas de 15 meses a 6 anos.

Ademais dos equipamentos propios con que conta a Xunta de Galicia para dar atención aos menores tutelados ou en garda mediante o acollemento residencial, a Consellería de Política Social, a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, promove a colaboración con outras entidades -públicas ou privadas- que teñen relación directa coa atención de menores co obxectivo de cubrir a demanda existente na súa totalidade.

## XUNTA E MINISTERIO DO INTERIOR COLABORAN PARA REFORZAR A LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO

- *O convenio asinado permite a integración do Punto de Coordinación de Ordes de Protección da Xunta co Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de Xénero*
- *O Goberno galego e o Ministerio do Interior consideran necesario afondar nas medidas de protección ás vítimas, a través dunha adecuada coordinación das súas actuacións co fin de previr e evitar riscos de novas agresións*
- *Ademais, de maneira inmediata a Policía Autonómica comezará a desenvolver axuda na loita contra a violencia de xénero cun Protocolo coa Policía Nacional para colaborar nas tarefas de protección directa ás vítimas*

O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, informou hoxe ao Consello da Xunta da recente sinatura dun convenio co ministro do Interior, Jorge Fernández Díaz, para reforzar a colaboración na loita contra a violencia de xénero e erradicar as condutas que atenten contra a dignidade das mulleres.

O convenio permite a integración do Punto de Coordinación de Ordes de Protección da Xunta de Galicia co Sistema de seguimento integral nos casos de violencia de xénero (VioGén) do Ministerio do Interior, xa que o tanto o Ministerio do Interior coma a Xunta de Galicia consideran necesario profundar nas medidas de protección ás vítimas, a través dunha adecuada coordinación das súas actuacións co fin de previr e evitar riscos de novas agresións.

O Ministerio do Interior e a Xunta, conscientes da gravidade e persistencia das infraccións penais cometidas no ámbito familiar, e máis concretamente no da violencia de xénero, consideran necesario profundar nas medidas de protección ás vítimas, a través dunha adecuada coordinación das súas actuacións co fin de previr e evitar riscos de novas agresións.

### **Sistema VioGén**

O sistema VioGén é unha aplicación informática do Ministerio do Interior que busca mellorar a protección das mulleres obxecto de violencia machista, e para iso realiza tanto a predición do risco como o seguimento de casos e a adopción das medidas de protección adecuadas para previr e evitar o risco de novas agresións.

Os seus obxectivos son realizar seguimento e protección ás vítimas en todo o territorio nacional; aglutinar as diferentes institucións públicas competentes en violencia de xénero; integrar toda a información de interese que se estime necesaria; facer predición do risco; establecer medidas de protección policial, atendendo ao nivel de risco; e efectuar labor preventivo, emitindo avisos, alertas e alarmas a través do

Subsistema de notificacións automatizadas cando se detecte algunha incidencia, acontecemento ou circunstancia que poida poñer en perigo a integridade da vítima

Ademais, na nosa Comunidade realizarase un módulo formativo específico, dirixido ás persoas usuarias do Punto de Coordinación das Ordes de Protección das vítimas de Violencia de Xénero (PCOP), xestionado pola Secretaría Xeral da Igualdade, para facilitar o primeiro acceso ao Sistema VioGén e que contribuirá á mellora na asistencia social integral ás vítimas, posto que, a partir dese momento, desde o PCOP se coñecerá o nivel de risco asignado pola Policía (ou Garda Civil) a cada vítima e se poderá axustar o apoio social segundo ese nivel, á vez que permitirá reportar aos corpos policiais, a través de VioGén, información actualizada de cada vítima que sexa usuaria do ámbito social.

### **Incorporación da Policía autonómica á loita contra a violencia de xénero**

No que atinxe á Policía autonómica, comezará a desenvolver con carácter inmediato axuda na loita contra a violencia de xénero coa incorporación á aplicación informática VioGén e cun protocolo para a coordinación de actuacións e a cooperación entre a unidade e a Policía Nacional para colaborar nas tarefas de protección directa ás vítimas.

Ademais, efectivos da Policía autonómica asistirán a xornadas de formación sobre a aplicación VioGén, e levarán a cabo na Agasp un curso de formación especializada, dirixido ao persoal que vai desenvolver tarefas neste ámbito. Por tanto, o persoal da Policía autonómica unirase á loita contra a violencia de xénero coa xestión das urxentes medidas de atención á vítima e de apoio e asistencia tanto social como médica, colaboración na recollida de probas e indicios, así como a identificación e detención de autores responsables, comunicación e traslado á respectiva unidade especializada de Familia e Muller da Unidade Orgánica de Policía Xudicial do Corpo Nacional de Policía.

### **Axudas 2006-2014**

O Consello da Xunta deu conta hoxe tamén do balanço das axudas económicas dirixidas ás mulleres que sofren violencia de xénero, establecidas na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero. Tal e como explica o informe, a nosa Comunidade conta con tres tipos de axudas económicas dirixidas ás mulleres vítimas da violencia de xénero, que son as axudas de pagamento periódico, axudas de pagamento único (nun só pagamento) e indemnizacións (fixadas por sentenza xudicial), das cales foron beneficiarias un total de 3.049 mulleres cun orzamento global de 22.172.429 euros.

As axudas económicas periódicas teñen coma finalidade proporcionarlles apoio económico ás mulleres que sofren violencia de xénero para tentar garantirlles unhas



condicións suficientes de independencia económica respecto do agresor, condicións que lles posibiliten dar o primeiro paso ou consolidar a ruptura dunha situación en que corren perigo.

A contía da axuda, destinada directamente á beneficiaria, de carácter periódico, ata o máximo de doce mensualidades, establécese en función dos ingresos da solicitante en relación co indicador público de renda e efectos múltiples (IPREM). Por termo medio, esta axuda económica é de 600 €, variando entre os 300 e os 800 euros en función do número de fillos/fillas menores a cargo da muller ou se a solicitante ou os fillos e fillas teñen algunha discapacidade. En total, no período 2006-2014 foron beneficiadas 2.675 mulleres cun importe de 19.522.429 euros.

As axudas económicas de pagamento único están previstas no artigo 27 da Lei orgánica 1/2004, de protección integral contra a violencia de xénero, están destinadas á aquelas mulleres vítimas de violencia de xénero que se sitúen nun determinado nivel de rendas e sobre as cales se presuma que pola, súa idade, falta de preparación xeral ou especializada e circunstancias sociais, teñen especiais dificultades para obter un emprego. O importe da contía da axuda é equivalente ao de 6 a 24 meses do subsidio por desemprego vixente (426 euros), en función do número de fillos/fillas menores a cargo da muller ou se a solicitante ou os fillos e fillas teñen algunha discapacidade. E no período 2006-2014 resultaron beneficiarias destas axudas 351 mulleres con 2,3 millóns de euros.

A terceira das axudas ten como finalidade o pagamento de indemnizacións a favor das mulleres que sofren violencia de xénero e/ou das e dos menores ou persoas dependentes afectadas que non poidan percibir as indemnizacións que lles correspondan polos danos e perdas causados por insolvencia do obrigado ao pagamento, e que resultarán fixadas mediante sentenza xudicial ditada polos xulgados e tribunais con sede no territorio galego. A contía da indemnización é a fixada pola resolución xudicial correspondente, tras a declaración de insolvencia do obrigado ao pagamento, e sen que poida ser superior a 6.000 euros por cada persoa beneficiaria. Desde o Goberno galego destináronse 340.000 euros para 23 mulleres.

## **SANIDADE DESTINA PRETO DE 3 MILLÓNS DE EUROS A AXUDAS PARA PREVENCIÓN DE DROGODEPENDENCIAS, CONDUTAS ADITIVAS E INFECCIÓN POR VIH/SIDA**

- *Serán para proxectos de entidades privadas sen ánimo de lucro, concellos, mancomunidades e agrupacións municipais*

A Consellería de Sanidade destinará 2,7 millóns de euros ao cofinanciamento de proxectos de prevención de drogodependencias e condutas adictivas. Deles, 1.203.000 euros serán para iniciativas de entidades privadas sen ánimo de lucro e 1.498.352,50 serán para proxectos de concellos, mancomunidades ou agrupacións de municipios.

As actividades promovidas no marco destas subvencións permitirán promover a adopción de estilos saudables de vida e de ocupación do tempo libre entre os adolescentes e mozos galegos; potenciar, nos diversos colectivos en que se intervén, factores de protección e reducir o impacto de determinados factores de risco asociados ao consumo de drogas; que outros colectivos implicados na prevención (familias, docentes, tecido asociativo diverso) funcionen como axentes de saúde; e reducir a incidencia de diversos problemas sociosanitarios relacionados co uso ou abuso de drogas.

Por primeira vez, estas axudas teñen carácter bianual (25 meses ao longo de tres anos: 2015, 2016 e 2017). Deste xeito, redúcense significativamente as cargas administrativas (tanto para a Administración autonómica como para as entidades beneficiarias) e increméntase a estabilidade dos equipos preventivos.

Ademais, introduciuse a posibilidade de que as entidades solicitantes incrementen a porcentaxe de cofinanciamento, que será vinculante á hora de calcular os pagamentos; así, foméntase que as entidades locais integren a prevención na súa planificación estratéxica con carácter estable.

Tamén se engadiron dous novos criterios de baremación (a devandita porcentaxe de cofinanciamento e o custo medio por programa e 1.000 habitantes) para enriquecer a valoración técnica dos proxectos presentados; modificouse o cálculo das contías das subvencións para facelo máis sinxelo; e simplificouse a documentación solicitada ás entidades beneficiarias, co obxecto de reducir a carga administrativa derivada da tramitación das axudas.

### **Prevención do VIH/sida**

Doutra banda, a Consellería de Sanidade destinará 290.000 euros á prevención da infección polo VIH/sida. Neste sentido, fomentaranse obradoiros preventivos e a

achega de material preventivo (preservativos e paquetes de inxección hixiénica) a persoas con prácticas de risco para a transmisión do VIH e con dificultades de acceso ao sistema sanitario e social.

A prevención en poboacións albo mellora o control do espallamento da infección do VIH ao resto da sociedade galega e promove o diagnóstico precoz da infección, xa que isto repercute positivamente na esperanza e calidade de vida da persoa afectada e reduce a transmisión do virus e reduce o gasto sanitario que esta patoloxía produce.

Ao igual que sucede coas subvencións de drogodependencias, esta é unha convocatoria bianual que afecta tres partidas orzamentarias (2015, 2016 e 2017). Este cambio reduce os trámites administrativos e promove unha maior estabilidade económica e laboral das entidades que desenvolven proxectos preventivos de VIH en Galicia. Así mesmo, a inclusión do pagamento fraccionado da subvención impide que as entidades teñan que desembolsar contías importantes no desenvolvemento do proxecto.

Esta convocatoria recolleu as recomendacións establecidas na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais de Galicia.